



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL.G:MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS (AGADER)”. EXP 2024/C003/000005

ANTECEDENTES

1 Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código: MR701E), publicada o 25 de xaneiro de 2024, DOG número 18.

2 A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) concedeulle ao Concello de Ponteceso unha axuda por importe de 62.065,00 € (excluído o IVE), equivalente a un 100,00 % de axuda solicitada, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

3 Consta no expediente o proxecto denominado << MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS >>, por importe de 62.065,00 €, sen IVE, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, Colexiado número 1.897 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), de febreiro 2024, cun prazo de execución de 2 meses.

3 Consta no expediente o informe do técnico municipal de data 14.02.2024 no que fai constar que cumpre coa lexislación urbanística e sectorial, así como co planeamento en vigor e que as obras se executarán en camiños de titularidade municipal, polo que non é necesario invadir terreos ou propiedades que precisen dispoñibilidade, agás as autorizacións sectoriais do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xefatura Territorial da Coruña, Xunta de Galicia e do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña.

4 Constan no expediente as autorizacións sectoriais do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña, necesarias para executar este investimento.

5 Consta no expediente o informe do técnico municipal do 05/07/2024 no que fai constar que as actuacións que indican os informes sectoriais son as xenéricas para os espazos de actuación afectados, en moitos casos cun grado de intervención e alcance superior ás necesidades reais, polo que considera que non son necesarias actuacións a maiores das contempladas no proxecto, por tratarse de obras que consistirán basicamente na rehabilitación superficial dun viario preexistente.

6. Consta no expediente a aprobación do proxecto por a XGL do 15.07.2024.

Nos contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros, e nos contratos de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL.G:MU2000/15

subministro e de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros (excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual) nos que se utilicen criterios de adxudicación obxectivos mediante fórmulas matemáticas poderá utilizarse o procedemento aberto simplificado "sumario" regulado no artigo 159 da LCSP coas especialidades do apartado 6 do artigo 159 da LCSP, que axiliza a tramitación do expediente cun prazo mínimo de presentación de ofertas de dez días hábiles, non sendo necesario os seguintes trámites: presentar varios sobres (un único sobre/arquivo electrónico), a constitución da mesa de contratación nin o acto público de apertura de ofertas, a acreditación da solvencia económica e profesional, a presentación da garantía definitiva, a formalización do contrato (basta a sinatura de aceptación da resolución de adxudicación do contrato).

A vista das características e do importe do presente contrato, e tendo en conta que todos os criterios de adxudicación serán obxectivos e valorados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, optase pola utilización do procedemento aberto simplificado sumario.

A adxudicación realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación obxectivos baseados no principio de mellor relación calidade-prezo de conformidade co artigo 145.1 da LCSP. Os criterios de adxudicación elixidos perseguen mellorar as condicións económicas e a calidade da prestación do obxecto do contrato. A ponderación da puntuación dos criterios trata de garantir que as ofertas sexan valoradas con obxectividade e transparencia.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 99 a 102, 116, 117, 122, 124, 131 a 159, Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimoquinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De acordo coa atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

RESOLVO:

PRIMEIRO.- INCOAR expediente de contratación coas seguintes características:

Tipo de contrato: ADMINISTRATIVO	
Subtipo do contrato: OBRAS	
Obxecto do contrato: "MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS (AGADER)	
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Valor estimado do contrato: 62.065,00€ €	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Orzamento base de licitación IVE excluído: 62.065,00 €	IVE%: 13.033,65 €
Orzamento base de licitación IVE engadido: 75.098,65 €	
Duración da execución: 2 MESES	Duración máxima: 2 MESES
División en lotes: NON	Número de lotes:---

Xustifícase a utilización do procedemento aberto simplificado "sumario" ou simplificadísimo regulado no artigo 159 da LCSP á vista das características e do importe do presente contrato, e tendo en conta que todos os criterios de adjudicación do contrato serán obxectivos e valorados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

SEGUNDO.- Xustifícase a non división en lotes do obxecto do contrato de acordo cos artigos 99.3 e 116.4 g) da LCSP polos seguintes motivos:

-A dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustifícase no informe do 14.02.2024 en que:

- Coa división en lotes do obxecto do contrato perdese a optimización do control da execución global do contrato.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato perdese a coordinación da execución das prestacións,

Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación, así como cos principios de igualdade e non discriminación.

TERCEIRO.- Realizar as seguintes actuacións na tramitación do expediente para a súa aprobación e convocatoria da licitación, sen prexuízo do que sinalo o informe xurídico que se emita ao efecto:

-Que se emita acta de replanteo do proxecto polos servizos técnicos municipais.

- Informe xurídico de secretaría sobre a lexislación aplicable ao procedemento a seguir.

-Informe de intervención municipal sobre a existencia de crédito para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato, e sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

-Que polos servizos xurídicos e o servizo afectado se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas e prescrición técnicas que definan o obxecto do contrato e as distintas prestacións a realizar.

- Aprobación do expediente e do gasto polo órgano de contratación unha vez realizados o trámites anteriores e previo informe de secretaría e fiscalización de intervención, publicándose dita contratación no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do Estado.

CUARTO.- Comunicarlle o presente acordo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Mándao e asíno o alcalde, Jose Manuel Mato Martínez, no Concello de Ponteceso, en data da sinatura, do que eu, como secretario, asino no exercicio da función de fe pública, de acordo co artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,

A secretaria,

Jose Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado